Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 25 DE AGOSTO DE 2022 JUEVES, 25 DE AGOSTO DE 2022 | BOP NÚMERO 161

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### CULLEREDO

**Secretaría Xeral**

*Adhesión do Concello de Culleredo ao Plan PREMADECOR da Deputación provincial da Coruña*

**ANUNCIO**

O Pleno da Corporación municipal, en data xoves 18 de agosto de 2022 adoptou, entre outros, o acordo que na súa parte dispositiva di o que se transcribe no seu literal:

"**PRIMEIRO**.- Adherir ao concello de Culleredo ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

**SEGUNDO**.– Subscribir a declaración institucional de compromiso na loita contra o fraude e a corrupción, que figura como Anexo II no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), e os demais anexos que figuran en dito Plan, transcritos nesta proposta.

**TERCEIRO**.- Unha vez adoptado o acordo municipal correspondente, someterase a ulterior publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal.

**CUARTO**.- Será de exclusiva competencia municipal a súa implantación no concello de Culleredo, determinando os órganos que deberán realizar a avaliación de riscos, seguimento de control e órganos competentes, así como establecemento do canle de denuncias, facultando a Alcaldía para a realización do indicado en aras da súa plena implantación e seguimento e á adopción dos actos administrativos necesarios, a estes efectos.

**QUINTO**.- Dar traslado do acordo ás persoas que exercen cargos representativos na Corporación e a todo o persoal, e instar aos membros da Corporación e o persoal municipal para que participe activamente no desenvolvemento do Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude da Deputación da Coruña (PLAN PREMADECOR), ao estar todos comprometidos cos principios expostos no Plan, e asuman a obriga de colaborar en todo momento para conseguir a plena eficacia das medidas de prevención, detección, corrección e persecución que se establecen neste Plan."

O que se publica en cumprimento do disposto no Plan PREMADECOR publicado no BOP nº 125, de data 04.07.2022

Culleredo, 19 de agosto de 2022

A alcaldesa en funcións

Asdo.: María Guadalupe Pombo Carril

2022/5211

Número de anuncio 2022/5211